

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 15 DE ABRIL DE 2016.**

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 14:00 horas do día 15 de abril de 2016, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

**Presidente/a da Mesa:** D<sup>a</sup>. Marina M<sup>a</sup> Doutón Rajo (Concelleira de Cultura e Ensino) .

**Vogais:** D. José Luis Losada Fernández (Concelleiro de Medio Rural e Servizos).

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M<sup>a</sup> Valcarce Rodríguez (Secretario Acctal).

D<sup>a</sup>. Antía Nieves Rodríguez (Enxeñeira técnico municipal).

**Secretario/a:** D. Elisa Martínez Arias (Técnico da Admón. Xeral).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidades esixidas polo RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCS), pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo RD 1098/2001, de 19 de outubro, procedese ao estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

- Apertura, en acto público, dos **SOBRES Nº2: “OFERTA ECONÓMICA”** que conteñen a documentación das ofertas dos licitadores concorrentes ao contrato **DA SUBMINISTRACIÓN DE GASOLINAS E GASÓLEO A PARA PARQUE MÓBIL E DE GASÓLEO C CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE DOS EDIFICIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DO C.E.E INFANTA ELENA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DIVIDIDO EN DOUS LOTES (EXP.002-SUBMPA16).**

**Lote 1.- Subministración de gasolinas e gasóleo A para vehículos e maquinaria do parque móbil municipal.**

Pola Secretaría da Mesa de Contratación se da conta de que pola empresa CEPSA CARD S.A. se presenta escrito de subsanación de deficiencias con fecha 12.4.2016 (NRE. 4547/2016).

Examinado o mesmo, pódese comprobar que a documentación achegada é correcta e válida para subsanar as deficiencias apreciadas.

En virtude do exposto, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade, admitir a licitación a empresa CEPSA CARD S.A. e a continuar o procedemento.

Acto seguido e, previa lectura pola Secretaría da Mesa da cláusula 15<sup>a</sup> do prego de cláusulas administrativas particulares, procédese á apertura dos Sobres nº 2 das empresas concorrentes ao procedemento co seguinte resultado.-

Empresa	Desconto Prezo Gasóleo A	Desconto Prezo Gasolina 95°	Desconto Prezo Gasolina 98°	Estación aberta 24 h.
Combustibles As Fontes, S.L.	2,00%	2,00%	2,00%	Si.
Empresa	Desconto Prezo Gasóleo A	Desconto Prezo Gasolina 95°	Desconto Prezo Gasolina 98°	Estación aberta 24 h.
Cepsa Card, S.A.	6,04%	6,04%	6,04%	Non.

**Lote 2.- Subministración de gasóleo C “Calefacción e Auga Quente” para os edificios de titularidade municipal.**

Pola Secretaria da Mesa de Contratación se da conta de que pola empresa CODISOIL S.A. se presenta escrito de subsanación de deficiencias con fecha 14.4.2016 (NRE. 4626/2016).

Examinado o mesmo, pódese comprobar que a documentación achegada é correcta e válida para subsanar as deficiencias apreciadas.

En virtude do exposto, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade, admitir a licitación a empresa CODISOIL S.A. e a continuar o procedemento.

Acto seguido e, previa lectura pola Secretaria da Mesa da cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas particulares, procédese á apertura dos Sobres nº 2 das empresas concorrentes ao procedemento co seguinte resultado.-

Empresa	Desconto Prezo Gasóleo “C”	Limpeza do depósito de combustible do Centro do Viño
Combustibles As Fontes, S.L.	1,00%	Non
Codisoil S.A.	2,00%	Si

De inmediato, lévase a cabo a avaliación das ofertas achegadas do **Lote 1** segundo os criterios de adxudicación recollidos na citada cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas, resultando o seguinte.

Empresa	Desconto Prezo Gasóleo A	Desconto Prezo Gasolina 95°	Desconto Prezo Gasolina 98°	Estación aberta 24 h.
Combustibles As Fontes, S.L.	4,97	3,31	1,65	5

Cepsa Card, S.A.	15	10	5	0
------------------	----	----	---	---

Finalmente, procédese a cualificación final dos licitadores do **Lote 1** segundo orde decrecente de puntuación e da que se obtén o seguinte resultado.-

Licitador	Puntuación Total
<b>Cepsa Card, S.A.</b>	<b>30 pts.</b>
Combustibles As Fontes, S.L	14,93 pts.

A continuación, procédese a avaliación das ofertas achegadas do **Lote 2** segundo os criterios de adjudicación recollidos na citada cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas, resultando o seguinte.-

Licitador	Desconto Prezo Gasóleo "C"	Limpeza do depósito de combustible do Centro do Viño
<b>Codisoil S.A.</b>	<b>30</b>	<b>5</b>
Combustibles As Fontes, S.L	15	0

Por último, procédese a cualificación final dos licitadores do **Lote 2** segundo orde decrecente de puntuación e da que se obtén o seguinte resultado.-

Licitador	Puntuación Total
<b>Codisoil S.A.</b>	<b>35 pts.</b>
Combustibles As Fontes, S.L	15 pts.

En base ao exposto con anterioridade a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA.-**



**1º.- Requerir,** a través da presidencia, á empresa CEPSACARD S.A., para que achegue a documentación a que se refire a cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa para os intereses xerais segundo os criterios de adjudicación recollidos no citado prego para o Lote 1.

2º.- **Requirir**, a través da presidencia, á empresa CEPACARD S.A., para que achegue a documentación a que se refire a cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa para os intereses xerais segundo os criterios de adjudicación recollidos no citado prego para o Lote 2.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 14:40 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.


A Presidenta da Mesa

A Secretaria da Mesa,




O Concelleiro de Medio Rural e Servizos,

A Interventora Acctal,



O Secretario Acctal.,



A Enxeñeiro técnico municipal,

